

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE RESULTANTE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 28 DE XANEIRO DE 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8 da Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as alegacións presentadas polas persoas aspirantes,

RESOLVO:

1.- Aprobar as listaxes resultantes de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e acordar a súa publicación no sitio web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.

2.- Aquelas persoas aspirantes que estean incluídas en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, deberán seleccionar aquela única na cal desexen quedar. O prazo para elixir bolsa (10 días hábiles) habilitarase entre o 29 de agosto e o 9 de setembro.

A elección deberá realizarse telematicamente, cubrindo necesariamente o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática. Unha vez cuberto o formulario, deberase presentar de xeito electrónico a través da OPAX.

Se non o fixeran, entenderase que desisten de todas as súas solicitudes.

As persoas que unicamente solicitasen formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia non terán que efectuar a dita elección.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

